ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO DE MATADOIRO.

Artigo 1.- Fundamento legal e obxecto.

Exercitando a facultade recoñecida no artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, ó amparo dos artigos 20.4 u) e 58 da Lei 39/83, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, procédese a dar nova redacción á Ordenanza Reguladora da Taxa por prestación de servicio de matadoiro.

Artigo 2.- Constitúe o obxecto desta exacción:

a)A utilización dos diversos servicios establecidos no Matadoiro.

b)A utilización de instalacións e bens municipais destinados ó servicio de Matadoiro.

Artigo 3.- Obrigación de contribuír.

1.-O feito impoñible estará constituído pola prestación dos servicios e pola utilización das instalacións indicadas no artigo 2.

2.-A obriga de contribuír nace dende que teña lugar a prestación dos servicios e dende que se utilicen os bens e servicios.

3.-Estarán obrigadas ó pago as persoas naturais ou xurídicas seguintes:

a)Os solicitantes dos servicios ou usuarios dos bens e instalacións.

b)Os propietarios dos animais que realicen os servicios ou utilicen os bens e instalacións.

Artigo 4.- Bases e tarifas.

As bases de percepción e tipos de gravame quedarán determinados nas seguintes tarifas:

	SACRIFICIO/TRANSPORTE DENTRO MUNICIPIO	**TRANSPORTE FUERA MUNICIPIO**
Vacuno por kg./canal	0,20284229	0,02115324
Vacuno para consumo propio por kg./canal	0,22718335	0,02185913
Equino por kg./canal	0,16227384	0,01997675
Porcino kg./canal	0,14604645	0,01950617
Porcino para consumo propio por kg./canal	0,20284229	0,02115324
Ovino, por cabeza	4,05684576	0,88118919
Caprino, por cabeza	4,05684576	0,88118919

Lechones, por cabeza	7,30221207	0,97530801
ESTABULACIÓN		
Vacuno, por cabeza e día	0,18886619	
Equino, por cabeza e día	1,44585378	
Porcino, por cabeza e día	2,70247744	
Ovino, por cabeza e día	3,95982897	
Caprino, por cabeza e día	5,21681656	
Lechón, por cabeza e día	6,47380416	
CÁMARAS FRIGORÍFICAS		
Vacuno, por cabeza e día	8,98777933	
Equino, por cabeza e día	10,24476692	
Porcino, por cabeza e día	11,50175452	
Ovino, por cabeza e día	12,75874211	
Caprino, por cabeza e día	14,01572970	
Lechón, por cabeza e día	15,27271730	

As presentes tarifas entenderanse automáticamente modificadas anualmente en función do IPC aplicable.

Nas presentes taxas non quedarán incluídas as que correspondan á Comunidade Autónoma, que serán de conta dos usuarios.

Artigo 5º.- Administración e cobranza.

Todos cantos desexen utiliza-lo servicio poñerano en coñecemento da Administración, en cuxo momento poderá esixírselles un depósito ou fianza afecta o resultado da autorización.

Artigo 6º.- Liquidación de cotas.

As cotas esixibles polos servicios regulados na presente Ordenanza liquidaranse por acto ou servicio prestado.

Artigo 7º.- Pago de tarifas.

Os pagos das tarifas efectuaranse polos interesados contra talón ou recibo que expedirá o encargado da Recadación, que sinalará coas marcas ou contraseñas oportunas as especies, ó efecto de descubrir toda ocultación e de perseguir os fraudes dos dereitos municipais.

Artigo 8º.- Vía de apremio.

As cotas non satisfeitas faranse efectivas polo procedemento de apremio administrativo una vez transcorridos os prazos establecidos para o seu ingreso en vía voluntaria.

Artigo 9º.- Partidas fallidas.

En todo o relativo a infraccións, as súas distintas calificacións, así como ás sancións que as mesmas poden corresponder, e procedemento sancionador, estarase ó disposto na Lei de Facendas Locais e Lei Xeral Tributaria, todo elo sen prexuízo de cantas outras responsabilidades civís ou penais podan incorrer os infractores.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 24 de setembro de 2009, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día 1 de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

O Alcalde, O Secretario,